

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 16 DE MARZO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dezaseis de Marzo de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Prieto Pérez e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conformana a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTAS ANTERIORES.-

Os membros da Comisión Municipal de Goberno presentes, aproban, por unanimidade os borradores das Actas das dúas últimas sesións, que foron as celebras os días 8 e 9 de Marzo pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.

Visto o escrito de Don José Míguez Fernández, veciño desta Vila, con domicilio na rúa García Penedo, 1, no que interesa autorización para proceder á realización de obras de rehabilitación dun inmovle sito na rúa San Martín, esquina a Travesía de Santiago, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda comunicarlle que deberá cumpli-lo acordado pola Comisión de Patrimonio e que di o seguinte: "Informar desfavorablemente a proposta de reestructuración integral e adecuación interior do inmovle nº 3 da rúa San Martín de Ribadavia, deberase presentar un novo proxecto técnico no que se

contemple: conserva-la fachada principal xunto co esquinall de sillería e demais elementos de cantería (ménsulas, gárgola...) podendo substituí-los elementos de carpintería deteriorados por outros do mesmo material e deseño; estudar unha resolución para recuperar e conserva-la fachada lateral, resolvendo o perigo de derrumbe, coa posibilidade de apertura de novos ocos; manter igualmente os planos da cuberta, non autorizando a construción de bufardas nin outro tipo de casetón". Tamén esta Comisión aproveita esta oportunidade para reiterarlle o informe de ruína emitido no seu día e que non se tivo en conta polos responsables, de data 24 de Agosto do pasado ano, co cal se reitera a urxencia sinalada no seu día.

Visto un escrito de Don Pedro Gómez Vázquez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa do Carballiño, 1, e tendo en conta un informe emitido polos servizos técnicos do Concello, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, en relación cun expediente que se está a tramitar neste Concello de solicitude de licenza para construción de vivenda unifamiliar, acorda comunicalle o seguinte: " Visto o acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 15 de Febreiro do corrente ano, aportará proxecto que se axuste ás condicións que no mesmo se sinalan; o proxecto presentárase visado, axustado entre outras á ordenanza 6.3 das NN.SS.; cabe destacar: retranqueo mínimo frontal 5 metros a partir da arista exterior da calzada lateral, posterior tres metros; altura máxima, uso vivenda dúas plantas u 8 metros.

En relación cun expediente que se esta a tramitar a nome de Dona Concepción Rivera Alvarez, veciña de San Cristovo, sobre rehabilitación de infravivenda rural no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo informe emitido ó respecto polo Sr. Asesor Urbanístico deste Concello, e que se achega en fotocopia.

Visto un Parte da Policía Local e tamén un informe emitido polos servizos técnicos deste Concello sobre cerramentos sen licenza na Ribeira do Avia, e tendo en conta que os interesados non dispoñían da preceptiva licenza municipal para proceder á devandita obra dado que os cerramentos son de recente construción e que foron erguidos unha vez que as empresas Lasan e Espina y Delfín realizaron os traballos de recheos nas marxes do río Avia, relacionándose a continuación cerramentos contruídos, características e propietarios: Nº 1, Cerramento de 34,25 metros de lonxitude, está adiantado 2,5 metros respecto ó muro colindante. O cerramento é de bloques de formigón, pilastras e tela metálica. Propietario, Don Antonio Cerededo Fernández, con domicilio na rúa Ribeiro, 26, 4º D, desta Vila.-

Nº 2, Cerramento de 6,3 metros de lonxitude. O cerramento é de bloques de formigón, pilastras e reixería metálica. Propietario, Dona Josefa Gómez Juste, con domicilio na rúa Ribeiro, 22, desta Vila.- Nº 3, Cerramento de 7,50 metros de lonxitude. O cerramento é de bloques, celosía e pilastras de reixería metálica. Propietario, Don Antonio Tovar Feijóo, con domicilio na rúa Ribeiro, 20.- Nº 4, Cerramento de 9,80 metros de lonxitude. O cerramento é de bloques de formigón e pilastras. Propietario, Don José Luís González Estévez, con domicilio na rúa Ribeiro, 31, 3º E, desta Vila.- Nº 5, Cerramento de 25,70 metros de lonxitude e galpón adosado ó mesmo. O cerramento e cobertizo é de bloques de formigón cuberto con losa de formigón. Propietario, Don Manuel Rodríguez García, con domicilio na rúa Porta Nova de Arriba, 2, desta Vila.- Nº 6, Cerramento de 23,60 metros de lonxitude. Cerramento de postes de ferro e alambrada. Propietario Dona Bernarda Tielas Rodríguez, con domicilio na rúa Buján, 4, desta Vila. Tendo en conta todos estes antecedentes, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda pór todo isto en coñecemento da Confederación Hidrográfica a fin de que se emita por este Organismo o correspondente informe e sirva de base para o proxecto de deslinde.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón de contribuíntes do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó ano 1995, por importe de 21.608.400 pesetas; así mesmo, tamén acorda que a cobranza en período voluntario do mesmo sexa dende o 20 de Marzo ata o 21 de Maio do corrente ano, ámbolos dous inclusives.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura número 141 de data 1 de Xullo do pasado ano que corresponde ás instalacións de fontanería e electricidade nos camerinos do Auditorio do Castelo, por importe de 818.006 pesetas.

Visto un escrito asinado por Don José Ullosa Santín, representante da Empresa "SINTEL", con domicilio na rúa Gregorio

Espino, 38, 1º, 36205-Vigo, no que interesa a devolución dunha fianza constituída no seu día para responder da execución das obras de canalización na localidade de San Paio deste término, estrada OR-433 de Valdepereira á Ponte de Castrelo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, unha vez comprobado que as obras xa están rematadas, acorda a devolución da devandita fianza por importe de 400.000 pesetas, que foi a cantidade depositada no seu día.

Visto un escrito asinado pola Sra. Presidenta da Asociación de Veciños "San Francisco-Estación", no que se interesa se lle conceda unha subvención económica para aboamento a profesores de gaita e baile rexional os cales están a impartir clases no período comprendido dende o 7 de Xaneiro ó 1 de Abril do corrente ano, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder a devandita subvención por importe de 110.000 pesetas.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Non houbo

E sendo as oito e cuarto do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.